Dolcezza rabuda

Narrativa Retrato incrédulo da Galicia do imperio fraguista

Bieito Iglesias ten conseguido ao longo dos anos algo que todo escritor debería perseguir: unha voz propia e inconfundible, que ten na vizosidade verbal e no dominio do humorístico os seus principais esteos definitorios. Certo que os relatos e novelas do ourensán amosan decote valiosas mostras a moi diverso nivel, mais, a meu ver, ben poucos coma el na arte do floreo estilístico, do repregamento da lingua que amalgama o dialectalismo depurado co neoloxismo extremo nunha sorte de *koiné vintage* que resulta do máis estimulante. E outro tanto cómpre afirmar do seus estiletes retranqueiros, ollada aceda e descrida, poética golfa e goliardesca inzada de seres que teñen no fluído humorístico unha relixión do perpetuo ludibrio.

De todo o anterior sabiamos, entre outras, por *Amor e música lixeira* (Galaxia, 2004), *A historia escríbese de noite* (Galaxia, 2001) e, sobre todo, *A vida apoteósica* (Xerais, 2001) probablemente a súa mellor obra. E da mesma ánima imba a papo cheo *Pan e coitelo*, a máis recente *nouvelle* de Iglesias, desafiante híbrido dacabalo do relato policial e un tremendismo de novo selo que bebe tanto do agromafioso coma do truculento cinematográfico.

Un conselleiro corrupto, amañador de componendas inmobiliarias, un presidente boubón e condescendente que se agocha baixo a máscara secaña de filateiro asoballador, un empresario *self-made man*, saudoso dunha infancia humildísima de neno traste e mais un detective azaroso e de entrega gasta que ten máis de lazarillo avisado que de Marlowe perspicaz son algúns dos personaxes principais deste retrato incrédulo dunha Galicia nos lindeiros do imperio fraguista.

Na escrita de Iglesias nos antípodas da épica honorable espellean na supervivencia dos tipos duros, de xenio vivo, rabudos que non dubidan en perverter toda canta ética poida imaxinarse en favor da vida regalada e do proveito propio. Secasí, tamén alcanzan a se ver faíscas de xorne amable, *dolcezzi* de prestado que fican sepultadas no lembradoiro dos tempos idos ou nas debilidades dos amores furtados da adolescencia.

Non estou convencido de que a inserción das historias do mago Mandrake creadas nos 30 por Lee Falk –aquí na versión italiana de Albi del Vascello e compaña– acaben de empastar axeitadamente coa narración textualizada, pois non abondan para iso as coincidencias onomásticas e outros melindres de requitropa. Máis parece que este *Pan e coitelo* escore cara ao Paulo Mandrake de Rubem Fonseca –tan querido de Iglesias, por certo– que do lado deste ilusionista de poderes hipnóticos con amigo musculado e compañeira psicalíptica. E tampouco creo que sexa un acerto facer que conselleiros, presidentes e demais se expresen co lostregueo de seareiro pescantín que tan ben sabe arremedar o autor, porque, postos a crer parlamentos dun conselleiro do estilo "¿Gasta arma? Dígollo porque o home que lle mando espiar é malo de rexer, un auténtico bicho careto" ou "Tes a chapela derramada ¡Tola do nabo!" un pode descrer de que toda esta deliciosa argallada do mundo Galleira que tan ben compón Iglesias se sosteña defrontándoa ás máis básicas regras do realismo inmanente.

E, secasí, *Pan e coitelo* funciona, mesmo sobrando notas liminares do autor de *excusatio non petita*. Talvez porque o xenio de Bieito Iglesias é quen de facer posible o imposible e crear a ilusión de que as Oria e Vilasanta de *spaghetti western* polas que pervagan os seus solitarios e indomables son tan reais como a vida mesma. ***// Armando Requeixo***

Pan e coitelo ·
Bieito Iglesias · Galaxia , 2008 ·
148 páx · 13,50 euros